

FRANCISCO MARIA DE LA IGLESIA

OS ÁRTABROS

ESCENA ORFEÓNICA



MÚSICA DO MESTRE

PASCUAL VEIGA



A CRUÑA
IMPRESA D' ANUNCIADOR.

3 - Rua ancha de S. Andrés - 3

—
1889

P-15103

Hnos de la Iglesia (Arg)

R 26379



~~~~~  
Derechos reservados, con sujeción  
a Ley vigente de propiedad intelectual.  
~~~~~



OS ÁRTABROS

*Escena orfeónica do tempo de Julio César,
n-os arredores da Cruña*

Druidas

¡Aquí! ¡aquí!
Artábricos liós,
¡Sallí! ¡sallí!
Qu'é hora de loitar...
¡Mirad'alí
De Roma os escadrós!
¡Mal haxa, sí,
Quen tema seus pendós!...
¡A loitar! ¡á loitar!
O romano felon estrozar,
Con carrage a cardeña brandir,
Dend'o cruto d'a serra hastra'o castro
Non quede nin rastro

D'o seu existir.
 ¡A loitar! ¡á loitar!
 C-o seu sangue fagamos un mar.

Pobo

Y òs que secumban
 Gardand'os nosos lares
 Sirva d'altares
 O noso corazón.
 Méntres que brilen
 D'o ceu os lumiares,
 Terán cantares
 De sagra bendizon.

Druidas

Arredor do dólmen acendido, ant'o sagro carvallo

Temprad'as armas
 N-a lábara sagrada,
 Qu'o galo agoira
 Vitoria en seu cantar,
 E n'as entranas
 D'a vítema inmogada
 Lése que libre
 Veráse o noso lar.

Guerreiros

¡Atrás! ¡atrás!
 Idólatras de Roma,

O sol qu'asoma
N'aluma hoxe pra vós;
Pois ja n'o cume
D'os céos esprandece
O sol qu'ofrece
Os trunfos para nós.

A LOITA

Druidas

Brigantís, javanzar!
¡É millor secumbir
Que cadeas levar,
Que cautivos vivir!...
N'haxa dor, n'haxa paz,
C'o Senado tirán...
¡Morre tí!... ¡Céa atrás!...
¡Ouh maldito roman!...

Pobo

Caeron n'o Letexo,
¡Ouh bravos de Brigancia!
Feridos pol'os rayos
D'a santa libertá.
Mirade esas escadras
Cochadas de vilanza...
¿Que foi d'o seu empuxe?...
Galáicos, ¡atruxá!...

¡Honor ò celta bravo!
 ¡Ouh Druida, gloria á tí!
 Qu'a antes que ser escravo
 Ó ceo t'erguich'aquí.

Druidas

¡Ouh virges d'estes vales!
 Con mórdago é verbenas
 Corré á soldar as venas
 De quen por vós loitou...
 Na méntres que n'o castro
 As cinzas recollemos
 D'os que n'a gloria temos
 Y a pátreo consagrou.

(Anoitecendo.)

E tí, piadosa Lua,
 Qu'ateas noso peito,
 O seu erguido leito
 Non páres d' alumar.
 Detén tuas rayolas
 N'o carvallal cerqueiro,
 Qu' é sagro compañeiro
 L'o noso pátreo altar.

Druidas, druidesas, pobo, guerreiros, c-o galo de metal que fai d'estandarte
 ou bandeira de guerra, ó pé do dólmen.

O gran Druida

Cal recío d' os campos fartura,
 Esforzo e vitoria nos deches, ¡ouh Dios!

Ovates

Por tal ben, nosa ofrenda máis pura
N'o dólmen ardente libr'ergue hastra vós.

Druidesas

¡Ouh Dios infinito!
Escóitanos, sí;
D' os celtas o esprito
Recoll' onda Tí.

Pobo

Inxémpranos, divo,
Virtud' e valor,
Pra ver libre a pátreo
Do tibrío treidor.

Horror, odiamiento,
Cenreira sinfin,
D' os déspotas láceos
Á grei pretorial.

Con fe rechacemos
Ó cónsul ruín
Que vén á spoliarnos
D' a serra hastra o val.

Si às náos de César
Brigancia cedéu,
Artábria manteña
Seus libres pendós.

Seus fillos, n' os lucos

Que Bruto n'abréu,
vendámol as vidas
Cal rexos liós.

O gran Druida

¡Vitoria! Julio César
Suas tendas abatíu:
Zarpánon suas náos;
Artábria libre está;
De Nérium á Trilécum (1)
Ardendo os castros víu;
Cantemos, pois, un himno
Á nosa libertá!

Coro geral

Grori' á tí, ouh Artábria bravía,
Derradeiro sospiro d'o sol;
Cand' asome a mortal tiranía,
Tí d'os libres seral o arrebol.

De Cinnonia o standart' inframado
Tua tribo hastr' a mort' erguerá,
Pra entoar ant' a faz d'o Serado:
¡Libertá, libertá, libertá!!!

— FIN —

(1) Cabos Finisterre e Ortegal, respectivamente

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F. 15103

Biblioteca